



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL DUN TRABALLADOR SOCIAL CONVOCADO POLO CONCELLO DE FRIOL (AGRUPACIÓN FRIOL E GUNTÍN).-

NOME E APELIDOS.-
(deberá asinar en todas as follas)

D.N.I.-

1.- Na Constitución de 1978 establécese no art. 27 en relación co dereito á educación di-se:

- a) A ensinanza básica e secundaria son obrigatorias e gratuítas.
- b) Recoñece ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, segundo as normas regulamentarias ao respecto.
- c) a) e b) son correctas.
- d) a) e b) son falsas**

2.- No art. 18. da Constitución garántese:

- a) O dereito á liberdade ideolóxica ou de culto, sen mais limitacións nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde público protexido pola lei.
- b) O domicilio é inviolable. Ningunha entrada ou rexistro poderá facerse nel, sen consentimento do titular ou autorización administrativa, salvo caso de flagrante delito.
- c) Garantirase o secreto das comunicacións e, en especial das postais, telegráficas ou telefónicas, salvo resolución xudicial.**
- d) A toda persoa detida garantirase a asistencia de avogado nas dilixencias policiais e xudiciais, nos termos que ao respecto establezan as disposicións regulamentarias.

3.- Na Constitución Española de 1978, no seu art. 49 establece:

- a) Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia, e a protección integral dos fillos, con independencia da filiación e das nais, calquera que sexa o seu estado civil, nacionalidade ou relixión.
- b) Os poderes públicos garantirán mediante pensións adecuadas e actualizadas segundo o índice de prezos ao consumo, a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade.
- c) Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos disminuídos físicos, sensoriales e síquicos aos que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán especialmente para o disfrute dos dereitos que este título outorga aos cidadáns.**
- d) Os poderes públicos promoverán garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo mediante procedementos eficaces as asociacións de consumidores e usuarios.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

4.- No Título II da Constitución, no referente á Coroa, establécese:

- a) As abdicacións e renuncias e calquera dúbida de feito ou dereito que teña lugar na orde de sucesión á coroa resolveranse por Real Decreto.
- b) A Raíña consorte, ou o consorte da Raíña, non pode asumir funcións constitucionais, limitándose a súa labor a actos representativos ou protocolarios, coa excepción do Alto Patronazgo das Reais Academias.
- c) Aquelas persoas que tendo dereito á sucesión ao trono contraxeren matrimonio contra a prohibición do Rei e do Goberno, quedarían excluídas da sucesión, sen prexuízo de que os seus descendentes puideran ter dereito á mesma.
- d) Ningunha das respostas é correcta.**

5.- No Título V da Constitución refírese ás relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Á vista da recente moción de censura, no art. 113 establécese:

- a) A moción de censura deberá ser proposta ao menos pola décima parte dos Deputados e incluír un candidato á Presidencia do Goberno.**
- b) A moción de censura deberá ser proposta ao menos pola metade dos Deputados e incluír un candidato á Presidencia do Goberno, que deberá nomear un goberno con mais mulleres que homes.
- c) A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días da súa presentación. Unha vez presentada, non poderán presentarse mocións alternativas.
- d) Se a moción de censura non fose aprobada polo Congreso, os seus signatarios, poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.

6.-Segundo o disposto no título VIII, as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas materias que se relacionan no art. 148. Sinala a resposta que sexa correcta:

- a) Xestión en materia de protección do medio ambiente.
- b) Asistencia social.
- c) Ordenación do territorio, Urbanismo e Vivenda.
- d) Todas as respostas é correcta.**

7.- En relación co persoal ao servizo da administración:

- a) A lexislación sobre as bases do réxime estatutario dos seus funcionarios é competencia exclusiva do Estado.
- b) As funcións que impliquen exercicio de autoridade quedan reservadas a persoal funcionario.
- c) O persoal laboral ao servizo das entidades locais clasifícase en fixo, indefinido e temporal.
- c) Todas as respostas son correctas.**



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

8.-En relación coa selección de persoal laboral por unha administración pública, indique a resposta correcta:

- a)A selección do persoal laboral é un procedemento administrativo previo á unha relación administrativa.
- b)A xurisdición competente para coñecer dos recursos contra os actos ditados nos procedementos de selección de persoal laboral é a contencioso administrativa.**
- c)A Alcaldía poderá contratar sen proceso selectivo previo soamente cando se trate de funcionarios interinos.
- d)Todas as respostas son correctas.

9.- No Estatuto Básico do Empregado Público, recolleuse na súa disposición transitoria segunda que o persoal laboral que estivese desempeñando funcións de persoal funcionario podería acceder a procesos de funcionarización. Sinala a resposta correcta:

- a)Soamente poderá funcionarizarse persoal laboral fixo.**
- b)O persoal laboral indefinido por sentenza xudicial, poderá funcionarizarse cando así o dispoña a sentenza que declare a súa indefinición.
- c)A funcionarización do persoal laboral soamente será posible cando así estea previsto no convenio colectivo de aplicación.
- d) Ningunha das respostas é correcta

10.- Segundo a lexislación vixente en materia de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades as actividades seguintes:

- a) A dirección de seminarios ou o ditado de cursos e conferencias en Centros Oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan mais de setenta e cinco horas ao ano.
- b) A preparación para o acceso á función pública nos casos e forma que regulamentariamente se determine.
- c) A participación en tribunais calificadoros de probas selectivas para ingreso nas administracións públicas.
- d) Todas as respostas son correctas**

11.- Os/as empregados/as públicos durante o disfrute dun permiso por maternidade:

- a) Non poderán participar nos cursos de formación que convoque a administración.
- b) Aínda que estea de permiso, ten a obriga de participar nos cursos que convoque a administración directamente relacionados co seu cometido.
- c) Poderá participar nos cursos de formación que convoque a administración.**
- d) Poderá participar nos cursos de formación que convoque a administración, agás nas primeiras catro semanas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

12.- No art. 22 da Lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de réxime local, sinálanse as atribucións do Pleno do Concello. Indique cal das que se relacionan a continuación non corresponde ao Pleno:

- a) A aprobación das formas de xestión dos servizos.
- b) A aprobación inicial do planeamento de desenvolvemento de desenvolvemento, instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.**
- c) Declaración de lesividade dos actos do concello.
- d) Aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo.

13.- No referente aos orzamentos do Concello, indique a resposta correcta:

- a) Unha vez aprobados, expoñeranse ao público, durante o prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante dito prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá de un prazo de dous meses para resolvelas.
- b) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos definitivos.
- c) A prórroga non afectará aos créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.**
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

14.- En relación do presuposto da Entidade Local, segundo recolle o Texto Refundido das Facendas Locais:

- a) Ao presuposto unirase un anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos mesmos e a súa incidencia nos ingresos da entidade local para un prazo de catro anos.
- b) As sociedades mercantís, incluso de aquelas cuxo capital sexa maioritaria a participación da entidade local remitirán a esta antes do 15 de outubro de cada ano, as súas previsións de gastos e ingresos, así como os programas de inversión e financiación do exercicio vixente.
- c) Ao presuposto unirase un informe económico financeiro, no que se expoñen os convenios subscritos coa Comunidade Autónoma en materia de gasto social para atender ás obrigas e gastos de funcionamento destes servizos.
- d) As tres respostas son incorrectas.**



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

15.- Na lei 39/2015, de 1 de outubro, refírese á iniciación de procedemento por denuncia, cando calquera persoa pon en coñecemento de un órgano administrativo a existencia de un determinado feito que puidera xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo. Segundo o disposto no art. 62 da lei:

- a) Cando a denuncia invocara un prexuízo para o patrimonio das administracións públicas, a non iniciación do procedemento deberá ser motivada, e notificarase aos denunciante a decisión de se iniciou ou non o procedemento.
- b) A presentación da denuncia non confire por si soa a condición de interesado no procedemento.
- c) Cando o denunciante participase na comisión dunha infracción desta natureza e existan outros infractores, o órgano competente para resolver o procedemento poderá eximir ao denunciante do pago da multa que lle correspondería, cando sexa o primeiro en aportar elementos de proba que permitan iniciar o procedemento e comprobar a infracción, sempre e cando no momento de aportarse aqueles non se dispoña de elementos suficientes para ordear a mesma e se repare o prexuízo causado.
- d) **Todas as respostas son correctas.**

16.- Segundo o disposto no art. 95 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación coa caducidade:

- a) Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a administración advertirá que transcorridos seis meses, producirase a caducidade do procedemento.
- b) Os procedementos caducados interromperán o prazo de prescrición.
- c) Nos casos que sexa posible a iniciación de un novo procedemento, non poderán incorporarse a este os actos e trámites, aínda que o seu contido se mantivera igual de non producirse a caducidade.
- d) **Ningunha das respostas é correcta.**

17.- Segundo o disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

- a) Contra as resolucións dos actos de trámite, se determinan a imposibilidade de continuar co procedemento, poderá interpoñerse polos interesados os recurso de alzada e potestativo de reposición.
- b) As reclamacións económico-administrativas axustaranse aos procedementos establecidos pola súa lexislación específica.
- c) Os Tribunais e órganos de selección de persoal ao servizo das administracións públicas, consideraranse dependentes do órgano ao que están adscritos, ou no seu defecto, ao que nomease ao presidente dos mesmos.
- d) **Todas as respostas son correctas.**

18.- Segundo o decreto 15/2010 de 4 de febreiro e a orde de 2 de xaneiro de 2012, tramitarase o procedemento de valoración de dependencia e o dereito ás prestacións, por prelación dos expedientes en situación de emerxencia social, nas seguintes situacións:

- a) Unha situación de desamparo e abandono
- b) Malos tratos físicos ou psíquicos
- c) Situación de risco grave inminente para a súa integridade física ou psíquica
- d) **Todas son verdadeiras**



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

19.- Segundo o art. 4 da Lei 13/2008 de 13 de decembro, non é un principio básico polo que se rexirá o sistema galego de servizos sociais:

- a) Prevención
- b) Responsabilidade pública
- c - Igualdade
- d) **Inclusión activa solidaria**

20.- Que modifica a Lei 8/2016 de 8 de xullo da Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia?:

- a) Os dereitos e deberes dos cidadáns.
- b) Programas e servizos sociais comunitarios básicos
- c) **As formas de prestación de servizos sociais**
- d) A xustificación dos fondos europeos destinados á financiación dos servizos

21.- O Título V da lei 13/2008 que regula os servizos sociais de Galicia, titúlase:

- a) Do sistema galego de servizos sociais.
- b) **Calidade do sistema galego de servizos sociais**
- c) Planificación do sistema galego de servizos sociais.
- d) Da financiación dos servizos sociais

22.- Que é a planificación en servizos sociais?:

- a) **Unha técnica de acción que tende a obter un resultado determinado mediante unha intervención deliberada.**
- b) Determinar os núcleos de intervención
- c) A valoración profesional da situación problema
- d) A utilización de técnicas propias de planificación

23.- O art. 96 da Lei de servizos sociais de Galicia, refírese ás sancións aplicables a persoas usuarias dos servizos sociais. De conformidade co artigo, sinale cal de estas respostas non é correcta.

- a) As infraccións leves poderán sancionarse con apercibimento público.
- b) As infraccións moi graves poderán sancionarse coa revogación da adxudicación da praza pública, temporal ou definitivamente.
- c) **As infraccións moi graves poderán sancionarse coa inhabilitación para o acceso e/ou percepción de axudas ou subvencións públicas por un período non superior a doce meses.**
- d) As infraccións moi graves poderán sancionarse co traslado temporal ou definitivo a outro centro ou servizo.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

24.- No art. 80 da lei, defínense as infraccións leves. Sinale cal das respostas non é correcta:

- a) Irregularidades de carácter formal no cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais.
- b) Deficiencias estruturais ou acabado de locais e instalacións, mobiliarios e enseres, así como o seu funcionamento, sen que de elo derive risco para as persoas usuarias.
- c) A non comunicación previa de calquera das obras, reformas ou melloras realizadas nos centros.
- d) **O incumprimento do deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións.**

25.- A aplicación informática da Ficha Social deseñada co obxecto de conseguir unha utilización sinxela e áxil da información, recibe o nome de:

- a) MATIASS
- b) **SIUSS**
- c) GenoPro
- d) SIGAD

26.- As estadías temporais en centros residencias con carácter xeral terán unha duración máxima anual de:

- a) Quince días, que se poderá prorrogar por un período máximo dun mes.
- b) **Un mes, que se poderá fraccionar en períodos quincenais ou prorrogarse por un período máximo anual doutro mes.**
- c) Dous meses, que se poderá fraccionar en períodos quincenais ou prorrogarse por un período máximo anual doutro mes.
- d) Doce meses

27.- A Lei de promoción á autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece un catálogo de servizos entre os que figuran:

- a) Servizo de información, orientación e asesoramento sobre a situación de dependencia e autonomía persoal.
- b) **Servizo de prevención das situacións de dependencia e a autonomía persoal**
- c) Servizo de estadías en balnearios
- d) Servizo de acompañamento no fogar

28.- Os servizos sociais comunitarios básicos desenvolverán as súas funcións de maneira estruturada, por medio dos seguintes programas:

- a) **Programa valoración, orientación e información, SAF, servizo de educación e apoio familiar, programa básico de inserción social, programa de fomento de cooperación e solidariedade social.**
- b) Programa valoración, orientación e información, SAF e calquera outro programa contemplado nunha área de ámbito de traballo social.
- c) Programa de valoración, orientación e información, SAF, servizo básico de inserción social e programa de educación e apoio familiar
- d) Todas as respostas anteriores son falsas



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

29.- Os tres niveis de intervención son:

- a) Traballo Social individual e grupal.
- b) **Traballo social con casos, grupos e comunitario**
- c) Traballo social con familias
- d) Ningunha é correcta.

30.- Segundo o marco normativo do RD. Lei 20/2012, para todos/as aquelas persoas que ingresan ao sistema de Lei de Dependencia a partir do 16/04/2012 o grao III terá unha intensidade mensual de:

- a) Entre 56 horas e 70 horas
- b) **Entre 46 horas e 70 horas**
- c) Entre 46 horas e 55 horas
- d) Un máximo de 95 horas

31.- Segundo o establecido no Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, o servizo de educación e apoio familiar perseguirá os seguintes obxectivos:

- a) Favorecerá a integración, promoción e participación das familias en tódolos ámbitos da vida comunitaria
- b) Promoverá espazos de encontros de nais e pais enfocados á formación compartida
- c) Atención psicolóxica, alternativas, recursos e atención socio educativa
- d) **Todas son correctas**

32.- O dereito á percepción do tramo persoal e familiar da Renda de Inclusión Social de Galicia será:

- a) Trimestral e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión
- b) Semestral e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión
- c) **Anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión**
- c) Por un máximo de 18 meses improrrogables, cos informes dos servizos sociais comunitarios e se subsiten as circunstancias que xustificaron a súa concesión

33.- Segundo se dispón no art. 45 da lei de servizos sociais de Galicia, o plan estratéxico de servizos sociais, elaborárase:

- a) Cada 2 anos.
- b) Cada 4 anos.
- c) **Cada 6 anos.**
- d) Ningunha das respostas é correcta



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

34.- Segundo o art. 44 do decreto 15/2010 de 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia, o programa de asignación de recurso (PAR), establecerá a prelación de acceso mediante a aplicación sucesiva dos seguintes criterios:

- a) A igual grao de dependencia, terase en conta a menor capacidade económica
- b) A igual grao de dependencia, terase en conta a posible inexistencia de rede social de apoio
- c) A igual grao de dependencia, terase en conta a idade do beneficiario
- d) **A maior grao de dependencia. A igual grao de dependencia, terase en conta a non percepción doutra prestación ou servizo**

35.- Un dos requisitos xerais de acceso á Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) é:

- a) **Estar empadroad/a en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega alomenos seis meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude**
- b) Estar empadroad/a en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega alomenos doce meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude
- c) Estar empadroad/a en calquera dos concellos da comunidade autónoma galega
- d) O requisito de estar empadroad/a nun concello galego non é un requisito xeral de acceso

36.- A Lei que regula a renda de inclusión social de Galicia (RISGA) no seu art. 11, unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación, establece:

- a) Considérase unidade de convivencia o conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o terceiro e segundo grao respectivamente.
- b) Dentro da unidade de convivencia determinarase a persoa que deba ter a consideración de titularidade da RISGA aquela que presente maiores posibilidades de inserción laboral
- c) **No caso de privación de liberdade da persoa titular, poderá seguir percibindo a RISGA outra persoa da unidade de convivencia sempre que cumpra cos requisitos para a súa percepción e se deseñe un novo proxecto de integración social adaptado ás novas circunstancias familiares**
- d).- A e C son correctas

37.- Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social, institucionalización das persoas dependentes, mellorar a calidade de vida e potenciar o voluntariado
- b) **Mellorar a calidade de vida, potenciar a autonomía persoal, previr situacións de dependencia, reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado**
- c) A regulación xeral do servizo desenvolto por entidades públicas
- d) Todas son correctas



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

38.- Segundo o contemplado na normativa vixente, as persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne axuda no fogar na correspondente resolución de PIA, o acceso ao servizo de axuda no fogar, producirase de acordo co seguinte procedemento:

- a) Os concellos procederán a dar a alta de forma inmediata
- b) Os concellos procederán a dar as altas de acordo co baremo socio económica establecido no regulamento de réxime interno de cada Concello
- c) **Os concellos procederán a dar a alta coa orde de prelación establecida no PAR e sempre que a entidade local teña dispoñibilidade horaria para a súa atención.**
- d) Os concellos procederán a dar as altas de acordo coa orde de prelación establecida no PAR

39.- A renda de integración social de Galicia (RISGA) será incompatible con:

- a) Coas pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de contía unicamente superior ao das devanditas pensións
- b) **Para aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación**
- c) A e B son correctas
- d) A e B son falsas

40.- Que obxectivos persegue a avaliación?:

- a) **Medir o grao de idoneidade, efectividade, eficiencia; facilitar o proceso de toma de decisións e servir como fonte de teoría**
- b) Validez, obxectividade, fiabilidade, practicidade e oportunidade
- c) Referidos á área de coherencia interna
- d) Consecución dos obxectivos, a introducción de modificacións e a comparación de resultados.

PREGUNTAS DE RESERVA.- DEBERÁ CONTESTAR TAMÉN PARA PUNTUAR NO CASO DE ANULACIÓN DE ALGUNHA DAS ANTERIORES PREGUNTAS.-

1.- Segundo o disposto nos arts. 124 e 125 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, en relación co recurso extraordinario de revisión contra actos firmes en vía administrativa:

- a) Poderá interperse no prazo de dous anos seguintes á data de notificación da resolución impugnada, cando ao ditalos se incorrera en error de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.
- b) No prazo de un ano a contar desde a sentenza xudicial firme, na que se declarase que a resolución se ditara como consencuencia de prevaricación, violencia, maquinación fraudulenta ou calquera outra conduta punible.
- c) Transcorrido o prazo de seis meses desde a interposición do recurso extraordinario de revisión sen ditarse e notificarse a resolución, entenderase desestimado, quedando expedita a vía xurisdiccional contencioso administrativa.
- d) **Ningunha das respostas é correcta.**



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

2.- Segundo o disposto na lei orgánica 1/81 do Estatuto de Autonomía para Galicia, en relación coa reforma do mesmo:

- a) A iniciativa corresponderá á Xunta, ao Parlamento Galego, a proposta de unha décima parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
- b) A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación do Parlamento galego por maioría de tres quintos.
- c) a) e b) son correctas.
- d) a) e b) son falsas.**

3.- Dentro dos tipos de entrevista, segundo o contido, poden ser:

- a) De exploración**
- b) Mixtas
- c) Pechadas
- d) B e C son verdadeiras

4.- A Constitución Española reconece o deber de traballar e ao dereito do traballo e a libre elección de profesión e oficio e a promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades, no art:

- a) Art 24.
- b) Art.31.
- c) Art.35.**
- d) Art. 37.

5.- Segundo o disposto na lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación coa declaración de lesividade:

- a) As administracións públicas poderán impugnar ante o órgano xurisdiccional contencioso administrativo os actos desfavorables aos interesados que sexan anulables, conforme ao art. 48, previa declaración de lesividade.
- b) A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcurridos tres anos desde que se ditou o acto administrativo.
- c) Transcorrido o prazo de tres meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarara a lesividade, producirase o arquivo do expediente.
- d) Todas as respostas son incorrectas.**